


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

18-19 de xaneiro do 2025

II ORDINARIO C



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

♪ nº 3 *Unha xuntanza de amor*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Deixamos atrás os días do Nadal e volvemos na liturxia ao tempo ordinario. Agora é o tempo de poñer en práctica todo o vivido con Deus Neno: as ilusións, os propósitos, os proxectos para este ano. É hora de facelo ben camiñando na vida da man de Xesús.

No evanxeo de hoxe atopamos á nai María sendo exemplo para nós. Ela está atenta ás necesidades dos demais, representados nuns noivos, comprende a súa situación, e busca solucións na persoa de Xesús. El vai transformar a auga da tristura, da soidade, da incompreensión, da calumnias, do desprezo... en viño novo de comprensión, de diálogo, de paz e de alegría.

Coma comunidade de Os Cotos queremos neste ano seguir amosando a nosa solidariedade con todos os refuxiados, e queremos seguir facendo vivos os soños da paz. Da man de Xesús queremos ser “igreja de esperanza e compromiso”.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante *Ás veces na vida parécenos que nada podemos facer e con facilidade nos deixamos levar das desesperanzas. Enseguida nos rendemos, enseguida só miramos o que a vida ten de mal e atranco. Agora nós queremos pedir perdón porque queremos facelo mellor:*

Monitor/a

- Porque moitas veces afogamos a vida nas augas da tristura, da soidade, das aparencias. Señor, dános a túa felicidade
- Porque moitas veces cremos que no mundo nada se pode cambiar, que non temos nada que facer, que non contamos para nada. Cristo, dános a túa felicidade
- Porque moitas veces o único que facemos é queixarnos en vez de preocuparnos e dar unha man a quen a necesita. Señor, dános a túa felicidade

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar na nosa vida, e de todos os que sofren e están desesperados. A todos, confiamos que o Señor nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior; damos grazas polas persoas que están atentas e preocupadas polos demais.*
(silenzo)

Celebrante:

Deus, Noso Pai,
cheo de tenrura e misericordia,
ti que te achegas a nós,
escoita con bondade as súplicas do teu pobo
e axúdanos a medrar na paz do teu Fillo Xesús.
Pedímoscho por El, Xesucristo, noso irmán,
que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante:

Dispoñémonos agora a escoitar a Palabra de Deus que hoxe nos di que para axudar todos somos necesarios, todas as mans son boas. As de María e as de Xesús leváronos a axudar a unha parella de recién casados. As nosas tamén serven. Preguntémonos a quen e en que podemos dar unha man.

LECTURA DA CARTA DE PAULO AOS CORINTIOS

Irmáns e irmás:

Hai diversidade de dons, pero un mesmo Espírito. Hai diversidade de servizos, pero un mesmo Señor. Hai diversidade de realizacións, pero un mesmo Deus, que é quen realiza todo en todos.

A cadaquén dásele a manifestación do Espírito para o ben común. A un o Espírito dálle palabra de sabedoría; a outro dálle palabra de ciencia o mesmo Espírito; a aquel outro o mesmo Espírito concédelle fe. A un este mesmo Espírito dálle o don de curacións; a outro, o don de facer milagres; a outro, o don da profecía; a outro, discernimento de espíritos. A un, don de falar distintas linguas; a outro, o saber interpretar esas linguas. Pero todo isto é un e o mesmo Espírito quen o realiza, repartindo a cada un en particular, como a El lle parece.

Palabra do Señor



SALMO  **50** *Na tardiña
baixa da vida*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela houbo un casamento en Caná de Galilea, e estaba alí a nai de Xesús. Tamén foi convidado Xesús e mailos seus discípulos ao casamento. Chegou a faltar o viño e a nai de Xesús díxolle:

- Non che teñen viño.

Replicouille Xesús:

- Muller, que ten que ver iso comigo e contigo? Aínda non chegou a miña hora.

Súa nai díxolles entón aos servidores:

- Facede o que el vos diga.

Había alí seis tinas de pedra para as purificacións dos xudeus, que levaban ao pé de cen litros cada unha. E ordenoulles Xesús:

- Enchede de auga as tinas.

Eles enchéronas de todo.

Díxolles entón:

- Collede agora e levádelle a proba ao mestresala.

Eles levárona. E, cando o mestresala probou a auga volta viño, sen saber de onda viña (os servidores si que o sabían, que eles colleran a auga) falou co noivo e díxolle:

- Todo o mundo pon de primeiras o viño bo e, cando xa están bébedos, o máis cativo; ti, en troques, deixaches o viño bo para agora.

Foi así como fixo Xesús o primeiro dos signos en Caná de Galilea; manifestou a súa gloria, e creron nel os seus discípulos.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Moitas veces queixámonos, e con razón, pois son moitos os atrancos polos que pasa a nosa vida. Pero hoxe

coa axuda do evanxeo que acabamos de escoitar queremos mirar para o que fan María e Xesús: son capaces de dar unha man.

E nós estamos dando unha man agora na Unidade Pastoral de Os Cotos participando nesta celebración. Estamos dando unha man soñando paz pois dóenos o nada que vale a vida cando se vive na violencia. Tamén estamos dando unha man ao preocuparnos pola nosa natureza para que siga viva e chea de vida para as xeracións vindeiras.

Así Os Cotos facemos como fan María e Xesús con aqueles recién casados: damos unha man. Vale a pena.

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: Neste encontro parroquial damos resposta da nosa fe, do noso querer ser solidarios, do noso querer dar unha man a todas as persoas que sofren e están desesperadas. Proclamemos:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Credes en Deus, Pai e Nai, que ama a todos sen diferenza e que nos convida a facer un mundo máis solidario e de irmáns?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús, que nos convida a seguir os seus pasos, e que nos quiere dando unha man transformando a soidade en compañía, a tristura en ledicia, o desprezo en acollida?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo, que nos alenta a colaborar, construíndo unha sociedade que axude a vivir en paz e en igualdade?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na igrexa comunidade que necesita das nosas mans e dos nosos compromisos para un mellor coidado da terra e da natureza?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Acudimos a Xesús: El demostrounos que na vida o que realmente vale a pena é dar unha man, e non o podemos reducir ao cumprimento dunhas normas.*

Dicimos: **SEÑOR, ALÉNTANOS A COMPARTIR**
Monitor/a:

- ✓ Polos homes, mulleres, nenos e nenas que sofren as consecuencias da falta de pan e de paz. Oremos
- ✓ Pedimos por todas as persoas que viven dando unha man a cantos buscan dignidade sabéndose refuxiados. Oremos
- ✓ Pola nosa comunidade de Os Cotos, para que sexa o compartir, e non o ter, o raseiro polo que nos midamos uns aos outros. Oremos
- ✓ Por todos nós, para que aprendamos que o amor e a solidariedade son desexo de Xesús para vencer as soidades, as desesperanzas e os fracasos. Oremos
- ✓ Polas persoas que teñen responsabilidades nos gobernos, para que convertan o desacougo e a tristura en dignidade e esperanza. Oremos

Celebrante: *Grazas Señor porque hoxe acolles as nosas preocupacións e desexos axudándonos a vivir na responsabilidade de ser testemuñas do evanxeo dando unha man coma Ti, que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Con total liberdade, comprometéndonos co Deus que é Pai, e querendo ser solidarios no pan de cada día, rezamos coma Xesús nos aprendeu*
NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Non queremos un lugar de honor, sentímonos honrados na loita pola solidariedade e a igualdade. Neste momento desexamos que os máis esquecidos pola sociedade poidan percibir unha man de axuda na súa vida. E dende logo que a perciben cando as nosas mans fan ben. Vale a pena. Fagámolo.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *Os discípulos dende aquela voda en Caná de Galilea foron descubrindo pouco a pouco a proposta de Xesús, porque é Nel onde mellor puideron aprender a vivir o compromiso de dar unha man.*

Sintámonos orgullosos por vivir a fe a exemplo de Xesús facéndonos cribles nos feitos, e orgullosos tamén por poder enchernos de vida con este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 55** **No colo da miña nai**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, seguros da túa bondade pedímosche que acollendo con fe as túas palabras sexamos capaces de dar froitos de paz e xustiza, e que os demais poidan contar coas nosas mans de irmáns.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas con nós por sempre eternamente. Amén

O Señor está á beira dos que precisan axuda, como os noivos do Evanxeo. Converte á súa preocupación e tristura en ledicia.

Hoxe son moitas as persoas que tamén precisan axuda, comprensión e amor.

Que os cristiáns non deixemos nunca de seguir o exemplo de Xesús dando unha man a quen precisa de nós.

Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén

🎵 **nº 56** **Ide e pregoade**

Podémonos ir en paz. Amén



*Non hai mandamento máis importante que:
dar unha man
e deixarse
dar unha man*

Ensinanza de Xesús no evanxeo de hoxe.